



# CONCELLO DE ARANGA

## **ANUNCIO: APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

Por non presentarse reclamacións durante o período de información pública, elévase a definitivo o acordo municipal do día 31 de outubro de 2024, aprobando a modificación da imposición da Ordenanza Fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, que comezará a súa aplicación o un de xaneiro de 2025, quedando, a partir desta data, derogada expresamente a ordenanza en vigor.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, publícase o texto íntegro da Ordenanza:

### **ORDENANZA FISCAL Nº 1 : REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

#### **Artigo 1º.-**

De conformidade co que establece o artigo 59 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, o concello de Aranga establece o Imposto sobre Bens Inmobles, en cumprimento do mandato imperativo contido no dito artigo.

O imposto sobre bens inmobles, rexerese neste municipio polas normas reguladoras do imposto, contidas no Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que cumprimenten e desenvolvan esta lei, así como pola presente ordenanza fiscal.

#### **Artigo 2º.-**

De conformidade co disposto no artigo 73 do Texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, os tipos de gravame do Imposto sobre Bens quedan fixados nos seguintes termos:

1) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos de natureza urbana esten empadroados .  
queda fixado no 0,50%.

2) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos de natureza rústica queda fixado no 0,50%.

3) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens inmobles de características especiais queda fixado no 1,3%.

#### **Artigo 3º.-**

O coeficiente para a obtención do valor base utilizable para o cálculo da redución da base imponible prevista no artigo 68 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aplicable aos inmobles rústicos con construción, queda fixado no 0,72.

#### **Artigo 4º.-**

Por razón de criterios de eficiencia e de economía na xestión recadatoria do tributo, de conformidade co artigo 63.4 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, establécese a exención dos bens inmobles urbanos, cuxa cota líquida non supere a cantidade de 2,40 euros, e dos bens inmobles rústicos, cuxa cota líquida non supere a contía de 1 euro.

#### **Artigo 5º.-**

1. Gozarán dunha bonificación da cota tributaria íntegra do imposto sobre do inmovible , os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa .

Esta bonificación aplicarase á vivenda habitual dos suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familias numerosas e esten empadroados, coas seguintes características:

<b>Categoría familia numerosa</b>	<b>Bonificación catastral</b>
Xeral	50%
Especial	90%

Os suxeitos pasivos que, cumprindo os requisitos que se establecen, poidan gozar desta bonificación, deberán presentar a correspondente solicitude dirixida ao Excmo. Sr. presidente da Deputación da Coruña, antes do 31 de marzo do ano correspondente ao período impositivo no que pretendan que teña efecto.

Xunto co escrito deberá presentar:

- Unha fotocopia compulsada do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.
- Un certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido á situación existente a 31 de decembro do ano anterior, no que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita a bonificación.

Á vista da documentación que se presente, a Excmo. Deputación Provincial da Coruña ditará unha resolución concedendo ou denegando a bonificación que se solicita. A bonificación outorgada só terá efecto para o período impositivo no que se solicite, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para o seu disfrute. A presentación da solicitude fóra de prazo dará lugar á súa inadmisión e conseguinte denegación da bonificación solicitada.

2. Gozarán dunha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A gradación do porcentaxe da bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Un 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Un 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Un 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación, exclusivamente, naqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

A bonificación manterase para os tres exercicios orzamentarios completos seguintes a aquel no que teña lugar o feito imponible.

Corresponderá a declaración de especial interesese ou utilidade municipal ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A solicitude acompañarase da seguinte documentación:

- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local, nin coa seguridade social.
- Acreditación das novas contratacións realizadas ( altas na seguridade social e contratos de traballo).

Calquera modificación destes requisitos esixidos para a aplicación da bonificación, deberán ser comunicado polo obrigado tributario, poidendo o concello realizar de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos.”

#### **Artigo 6º.-**

No non expresamente previsto nesta Ordenanza rexerán os preceptos que se conteñen na Subsección 2ª, da sección 3ª, do capítulo II, do título II do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, da Lei do catastro inmobiliario aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, de 5 de marzo, ambas as dúas coas modificacións introducidas polas Disposicións adicionais sétima e décima da Lei 16/2007, de 4 de xullo, así como polas Leis concordantes e complementarias destas e as demais Leis do estado reguladoras da materia, así como das disposicións ditadas no seu desenvolvemento.

**Disposición final:** A presente Ordenanza entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a súa aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2025, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.O día da súa entrada en vigor, quedará derogada a anterior Ordenanza Fiscal nº 1 reguladora do tipo de gravame do imposto sobre bens inmovibles.

Aranga, a data da sinatura.

O alcalde :

Asdo.Alberto Platas Álvarez

---

Praza Mestre Mosquera n.º 1 15317 ARANGA (A Coruña)  
Teléfono 981 793 551 Fax 981 793 581 [correo@aranga.gal](mailto:correo@aranga.gal)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)